

Agora. Papeles de Filosofía, 43(2) (2024). ISSN-e: 2174-3347
<https://doi.org/10.15304/ag.43.2.9650>

Recensións

SOTO, Luís G.: *O camiño dos faros. Diario de viaxe*, Edicións Espiral Maior, Colección Baldaio, Carballo, 2023, 220p.

Miguel Ángel Martínez Quintanar¹ 

¹ Universidade de Santiago de Compostela, España

Recibido: 10/01/2024; Aceptado: 12/01/2024

Luís G. Soto, profesor titular de Filosofía Moral da Universidade de Santiago de Compostela, ven de elaborar un innovador e sorprendente ensaio filosófico que recolle un conxunto de experiencias persoais de paseo e pensamento. Paseo polo Camiño dos Faros da vila de Malpica até o cabo Fisterra, en Galiza, España (200 quilómetros a pé). Pensamento (filosófico) arredor dos elementos imprescindibles e basilares dunha ética ambiental actual e unha política (galega, española, europea, global) do encontro e o diálogo, da paz e o respecto á terra e xentes que nela habitan e a traballan. De feitura clara, directa, contundente, tinguido con potentes trazos autobiográficos, a voz (de carácter amable, benévolo, apracible) que enuncia en primeira persoa as experiencias e meditacións, é un axente (autor e actor) que combina catro reivindicacións con xusteza, sen estridencias. A primeira, a ruta dos faros: as marcas do salvaxe e pegadas humanas na paisaxe que deben ser preservadas, coidadas e potenciadas, dadas a coñecer ao público galego e non galego. A segunda, a vindicación do ocio construtivo e reflexivo que porta unha ondada de liberdade persoal facilitadora de encontros e intercambios variados, enriquecedores, con outras persoas. A terceira, a reivindicación do pensamento filosófico como instrumento útil para a introspección (que proporciona autocoñecemento, autodominio, inclusive felicidade) e a extrospección (que agasalla co coñecemento do outro na súa singularidade mineral, vexetal, animal, humana e, xa que logo, facilita deseñar elos de simpatía co ser non humano e de empatía co ser humano). A cuarta, a vindicación do camiño galego dos faros, isto é, a materialización escrita, e por escrito, dirixida a un posible lector (presente e por vir), dunha maneira de entender o compromiso ético e político con Galiza, non coa súa idea abstracta, senón coa súa natureza e cultura reais, paisaxe e xentes vivas, coa vista posta nunha perspectiva de futuro.

A primeira parte “I. O camiño, a viaxe” (pp. 15-156) relata as maneiras (contemplan, percorrer, volver sobre os propios pasos de ser necesario) e contido (visións, audicións, reflexións filosóficas a elas asociadas) das camiñadas. O autor (axente que camiña) vertebra o seu relato tomando como secuencia as etapas, ou tramos, do Camiño dos Faros. Con todo, ás veces ocasionalmente, outras con recorrencia, hai momentos de anamnese que enriquecen, matizan e completan as impresións do percorrido actual do camiño.

“Malpica-Niñóns” (pp. 15-32) está composto polas etapas Malpica, Malpica-Santo Hadrián, Santo Hadrián-Beo, Beo-Seiruga, Seiruga-Barizo, Barizo-Nariga, Nariga-Niñóns. Mostra a predisposición amable do camiñante que enfrenta con comprensión o contraste entre os primeiros choques da harmonía do salvaxe coa “arquitectura galega contemporánea” (p. 16). Nestes primeiros pasos o camiñante somérxese sen présa na paisaxe, nos elementos do territorio, no camiñar por unha natureza en soidade á que se entrega até facer parte. O camiño pre-dispón para una meditación dos camiños que, como estratos, conforman o Camiño dos Faros: ideal (matemático ou do cálculo de horas, etapas, éxitos, fracasos, obxectivos); corporal (sensacións físicas do camiñante); material (natureza e cultura, xeografía física e humana); sensorial (estético, da beleza); mental (filosófico, do pensamento activo/pasivo) (pp. 25-26). Escribe o autor: “É claro que, para quen fai o camiño, todos son importantes: fonte de experiencias, de desfrute, de benestar e máis. Porén, o fundamental, do cal dependen todos é do camiño material. A liña trazada, non sobre un mapa, senón ao longo dunha costa, cos seus accidentes naturais e a súa bagaxe cultural. Sen este camiño, non existiría ningún dos outros. É ese camiño o que cómpre preservar e potenciar” (p. 27).

“Niñóns-Ponteceso” (pp. 32-52) percórrese nas seguintes etapas: Niñóns, Niñóns-Santa Mariña, Santa Mariña-A Barda, A Barda-Roncudo (aldea), Roncudo (aldea)-Corme, Corme-Balarés, Balarés-Ponteceso. Contén unha atinada descrición das dificultades do camiño: riscos, penedos, impedimentos, sendas que levan a ningures. A reflexión asociada a esta paisaxe atinxe os bens da vida humana, os fundamentais ou esenciais (pracer, diñeiro,

poder, gloria, sabedoría) e os seus correspondentes modos de vida (voluptuosa, económica, política, pública, filosófica) (p. 48). Percorrer o camiño (ascender, baixar, regresar, esquivar) esperta unha reflexión filosófica sobre a potencia de obrar (operar, actuar) e os seus condicionamentos (medios, ocasións, idade, coñecementos, formación, profesión). O autor reflexiona: “Se pormos estas virtudes (a xustiza e a sabedoría) en comparación e contraste con outros bens (pracer, diñeiro, poder, gloria), reparamos que marcan como unha propensión, e recomendación, ao des-apego, ao des-afecto, inclusive ao des-interese e á des-conexión. E aconsellan o fortalecemento ou reforzo de si propio: non para ir contra nada nin contra ninguén, senón para termar de si. E tirar para diante, con todo e todos. Trazar unha estela” (p. 49).

“Ponteceso-Laxe” (pp. 53-71) ten cinco etapas: Ponteceso, Ponteceso-As Grelas, As Grelas-Taboído, Taboído-Frexufre, Frexufre-Laxe. É un traxecto no que se acusa a sensación de soidade do/no camiño mercé ao contraste entre o traballo humano (a cultura) e o espectáculo da natureza (o salvaxe). A evocación do compromiso do vate de Ponteceso (Eduardo Pondal) e os traballos (e andainas) da Xeración Nós, axudan a recuperar a memoria dos pasos perdidos. Non se trata de cruzar camiños, enguedallalos nunha revolta (revolución) estéril desde unha *stimmung* diletante, pos-nihilista e hipocritamente eco-política. Tampouco se trata de xulgar os seus trazados, acusar ás persoas que fixeron eses sinais (nas aldeas, na paisaxe, nos bosques, nos montes). Mais ben, a disposición do camiñante debe ser entrar nun devir-outro, no que a harmonía en liberdade (e a libre harmonía das facultades) proporciona fitos entre os que inserir todas as comunidades que, como capas, ou andares dun edificio, constrúen un pobo, unha nación que existe, mais que falla (en si e para si). Escribe o autor: “A Galiza de Pondal e Castelao é un nó nunha rede, un andar nun edificio. Tres plantas, tres núcleos, mínimo: Galiza, España, Europa. Mellor, cinco: tamén Portugal (e a Lusofonía) e Hispanoamérica. E, aínda, seis: a globalización” (p. 63). A urda non é sinxela, o autor é consciente. Con todo, é posible. Só hai que arranxar un crisol.

“Laxe-Arou” (pp. 71-84) integra varias etapas: Laxe, Laxe-Soesto, Soesto-Traba, Traba-Arou. É un treito do camiño de fonda impresión. Evoca no camiñante unha outra achega ao poema de Pondal sobre os Penedos de Pasarela (pp. 78-79). O océano, rochedos, farallóns, as soidades, a véspera do confinamento pola pandemia do COVID-19, o posterior levantamento do confinamento, o necesario retorno ao camiño, semella que inducen no camiñante máis atención á contorna animal e vexetal que o rodea e encadra: bolboretas, coellos, tartarugas, fungos tamén. Un conxunto de marcas que poden revelar segredos e, tamén, momentos de afecto (emocións, sentimentos, paixóns) de quen pasea por pasaxes, treitos e recunchos do camiño. Marcas que transforman o camiñante nun animal máis, con todo estraño e estrañado ante o valor incalculable (por inmaculado e sublime) da beleza mineral, vexetal, animal, que o acubilla e, tamén, desafía por veces. Enveredar (con éxito ou non), imprimir forza ás pernas (facer fronte á debilidade), tornar máis susceptible a vista e o ouvido: todo inflúe no coñecemento e degustación do camiño. Para o camiñante, todo tende á filosofía, a facer do camiño unha filosofía e da filosofía un camiño: “Na nosa sociedade, a filosofía fai parte, polo menos como un verniz, na formación das persoas. Eses rudimentos poden servir como unha base, un apoio para dar o paso, ou mesmo, o salto. Porén, non é doado e ten un alto custo, discorrer e non repetir, actuar e non imitar, responder e non obedecer. E, sen iso, non hai vida propia: reflexiva, interpelante, responsábel. E con iso, é necesario asumir a soidade no seo da sociedade e empregarse a fondo nas relacións cos demais” (p. 84).

“Arou-Camariñas” (pp. 84-99) está formado por cinco etapas: Arou, Arou-Santa Mariña, Santa Mariña-Cemiterio dos ingleses, Cemiterio dos ingleses-Cabo Vilán, Cabo Vilán-Camariñas. É un treito no que o camiñante enfía unha reflexión sobre o traballo e o ocio na

sociedade actual. Traballo: un ben para quen non dispón del; un mal esmagador para quen está sometido á súa disciplina. Ocio: instantes, explosións sen duración nunha sociedade de, e para, o consumo; ondada de liberdade, andada na liberdade, para quen percorre o Camiño dos Faros, deambula polas rochas a fuxir das ondas, medita sobre se retornar sobre os propios pasos, estima se estenderse polos trazados da oficialidade das mensaxes ou da alternativa doutros signos. Neste tramo do Camiño dos Faros xorde como un relampo a reflexión filosófica sobre o camiño filosófico, superposto ao camiño material e incentivado por el. Que aporta este camiño filosófico? Quizais ensinanza, convivencia, iluminación. En palabras do autor: “As ensinanzas son as cousas que nos van ocorrendo, os pensamentos que imos pondo en orde, os propósitos que imos adoptando. A convivencia son os encontros, as relacións, mormente efémeras, coa xente, as persoas con que coincidimos, mesmo compartimos a andaina. A iluminación que pode acontecer na sombra, é o desfrute, a vivencia, dun bo momento, nun bo lugar. Termos, retermos, ao camiñar ou en repouso, unha impresión de clarividencia, unha ocorrencia, e unha sensación de benestar, un deleite” (p. 94). Especialmente interesante é o percorrido “Cabo Vilán-Camariñas” que desencadea unha espléndida reflexión sobre a diferenza da éxtase teresiana e o nirvana budista. Conclúe o autor: “A nosa iluminación, a miña, é desfrutar dun momento ao sol, sobre a herba ou nun penedo, ollando a ermida, a costa ou o mar: sensacións, pracer pensamento, vitalidade. Mais, a iluminación pode acontecer á sombra, sen ermida, lonxe do mar, a chover. Tampouco rexeitaría o nirvana” (p. 98).

“Camariñas-Muxía” (pp. 99-118) está composto polas seguintes etapas: Camariñas, Camariñas-Tasaraño, Tasaraño-Leis, Leis-Os Muíños, Os Muíños-Muxía. É un treito difícil, duro, cheo de dificultades, dunha materialidade (terrea, acuática) inédita e insospeitada, que esperta no camiñante reflexións diversas: a influencia que na constitución das novas (débeis, submisas) subxectividades teñen o decaemento social da influencia da relixión e do compromiso político (cuxos efectos son o esvaecemento da consciencia da morte, e a caída no impero da consigna e a cominación) (p. 101); a natureza (acolledora) como alternativa á sociedade (hostil) e, tamén, á inversa, a sociedade do traballo adulto (cumio da madurez) como alternativa ao desleixo da mocidade (transo perigoso e incerto) (pp. 110-111); o poder dos hábitos fronte os pensamentos e inquedanzas como vía de resolución de problemas e pasaxe decisiva á actividade resolutoria (pp. 111-112); a convivencia como forma de elo interpersoal que pode transcender as interaccións xestionadas (reguladas, administradas) entre persoas e, tamén, como vínculo co salvaxe (animal, natural) fóra do ocio programado pola industria que domina a natureza coa técnica. O camiño ten a potencia de incitar a exploración de novos arranxos do lazo social e do vínculo natural, da alianza entre persoas e da confluencia cos seres non humanos.

“Muxía-Nemiña” (pp. 119-138) está constituído por seis etapas: Muxía, Muxía-Cachelmo, Cachelmo-Cuño, Cuño-Moreira, Moreira-Touriñán, Touriñán-Nemiña. É un tramo do camiño que empurra a consideracións sobre o lugar da morte nas cidades globais (ocultación, desviación, silencio) e o borrado do mal (pp. 122-123). Ritos, celebracións tradicionais, non teñen porque ser alleantes nin alienantes. Tampouco teñen que ser liberadoras. De feito, segundo o autor, a política e a ecoloxía actuais “adoptan formas relixiosas” (p. 122), funcionan como relixións, alleando os individuos e tornando gregarias as sociedades. Escribe o autor: “Para min, as relixións positivas, a vivencia en forma relixiosa da acción social, alén de condicionar a actividade colectiva, dificultan enormemente as relacións persoais. Que recúan e esmorecen ante o dogmatismo e o fanatismo das greis. Que son como igrexas, que funcionan como seitas. Nada, ou pouco, que falar e que facer, ante e no imperio da consigna” (p. 123). Non obstante, a experiencia do camiño non está posuída polo pesimismo e a derrota. Ao contrario. O camiño dá folgos, agasalla con azos para o pensamento logrado e a acción plena:

a felicidade como camiño, a andaina pola felicidade. O autor descríbena deste xeito: “É unha aprendizaxe rápida e drástica, que despois se estende e se prolonga: desfrutar do pracer (que non é tan fácil como parece), soportar a adversidade e o padecemento (pasar a proba da virtude e pagar o prezo da liberdade), pensar en si propio e facer polos outros. Imaxino que moitas persoas non lle chamarían felicidade a esa combinación de pracer, virtude, liberdade e altruísmo” (p. 130).

“Nemiña-Fisterra” (pp. 138-156) é o último tramo do Camiño dos Faros. Integra seis etapas: Nemiña, Nemiña-Lires, Lires-Rostro, Rostro-Arnella, Arnella-Mar de Fóra, Mar de Fóra-Fisterra. Ante o dominio do natural, o camiñante agudiza as súas sensacións e afina a súa reflexión sobre a fugacidade e volatilidade de todas as cousas, da natureza e cultura. Intenta apreixar o que o rodea e penetra, mais, tamén, déixao ir (quizais é o máis difícil). Pon nome a isto: beleza. Escribe: “O Camiño dos Faros é unha experiencia intensa de beleza. Dunha beleza primordial, filosófica: andando refacemos, volvemos pisar, o camiño dos primeiros filósofos: Tales, Anaximandro, Anaxímenes, Empédocles, Heráclito, Parménides, etc. É o encontro cos catro elementos, que eles sinalaron como os principios da natureza (...)” (p. 155). Fisterra non é o fin da terra, é o camiño polos fins da terra.

A segunda parte “II. Inverno-primavera 2022 (Diario)” (pp. 159-218) é un relato, tamén de corte autobiográfico e autoreflexivo, que entra no detalle dos días e meses das camiñadas. Neste “Diario” os elementos naturais (vento, terra, luz, auga) son, aínda se cabe, máis protagonistas ou, máis ben, son uns protagonistas máis afiados, finos, ferintes. Van parellos ás experiencias interpersoais do camiñante con outras persoas (camiñantes ocasionais, habitantes dos lugares, xentes de paso), e cos encontros da voz enunciadora co salvaxe.

Dos meses de febreiro a maio de 2022 o camiñante realiza un camiñar que é un buscar e, talvez, ás veces, non sempre, un fuxir sen, ou con, obxecto. Este camiñar está protagonizado por un suxeito que se encontra con pegadas, sinais, pantasmas e figuras do pasado (biográfico, literario) e, tamén, ideas, proxectos, programas dun porvir. A constitución da subxectividade (nova) do camiñante non é allea aos ismos polos que circulou no pasado (pacifismo, nacionalismo, nomeadamente) e que refai como istmos (pasaxes para levar á península da utopía) (pp. 163-164). Esta subxectividade non está afastada da fundación e recoñecemento dunha corporalidade (nova mais non moza porque, quizais, xa está no tronso do envellecemento), que pretende compartir (con outros, outras) e gozar (para si, con todos).

Neste “Diario” a actividade de camiñar maniféstase como un trato instrumental coas xentes e os (seus) lugares. Non obstante, este tipo de trato tende de continuo a transcenderse a si mesmo de tal modo que xorde algo diferente: inédito, fortuíto, creador. O impacto dos elementos naturais sobre o corpo (terra, auga, luz, sons, olores, temperaturas, texturas) induce ou, máis ben, imanta a subxectividade camiñante cara unha transformación ou metamorfose: do camiñante soidoso (que, acaso, foxe da melancolía paralizante) ao humano consciente da necesidade da ética e política (entendidas como medios para reducir o mal, a dor, o tormento) (p. 184). Rexorden de novo, revisitados, os obxectos dunha grave meditación filosófica: a actividade docente como profesión, a morte, o envellecemento, as lembranzas, o control administrativo dos traballos e os días, o malestar social, a obediencia gregaria, a beleza, o sentido da filosofía. Xorde un suxeito (novo) en tronso de habitar na terra (doce) e habitarse (feliz) en si mesmo: estar, no aquí e no agora, na benaventuranza do que ocorre, na ventura do que acontece (p. 197). É un suxeito transido por forzas comunicativas, construtivas, afirmativas: alegría. Percorrer piñeirais, cantís, dunas, penedos; saltar ríos, regatos, ondas; bañarse en praias salvaxes; circunvalar areais, lagoas, desembocaduras de linguas de auga; enfrontar o vento, os rumores dos pinos, a choiva, os cambios bruscos de temperatura, os espazos sombríos, os cans solitarios, os rabaños de vacas, as mandas de

animais salvaxes; deambular, en suma, polo Camiño dos Faros, fai xermolar un pensamento que, para sorpresa do lector, atinxe ao social: “Nas relacións a verdade é a presenza” (p. 192). Un logro da voz enunciadora, deste camiñante irreductible e meditabundo, é ficar liberado da caída na soidade desoladora, no nihilismo (existencial) do natural (indómito) ou, por outras palabras, no ermo da alma que sempre trae consigo a paisaxe/pasaxe do, e no, salvaxe. Así, o Camiño dos Faros tamén son as persoas coas que o camiñante se encontra ao longo das súas andainas: “(...) persoas que veñen do pasado, cohabitan no presente e espero no futuro” (p. 217). O humano e o inhumano mancomúnanse no camiño: son obstáculos, reforzos, desvíos e acicates no camiñar: “Son a posibilidade da súa prolongación e transmutación. O alén de Fisterra. (E o aquén de Malpica)” (p. 217).

É importante subliñar que este ensaio non foi escrito do autor para o autor. Non é un camiño íntimo, un diario para a súa intimidade, escrito coa finalidade de atesourar lembranzas persoais. É un ensaio de xeofilosofía redactado con intención comunicativa (publicitar o Camiño dos Faros, dalo a coñecer ao público) e finalidade reivindicativa (conservar, protexer e potenciar o Camiño dos Faros e, con el, as potencialidades da experiencia corporal e filosófica que, para calquera persoa, aniña nas súas sendas). Despois da lectura, a impresión que fica no lector é a da saudable verificación dunha tripla existencia: a liberdade (física, mental, social, tamén ética) aínda descoñecida no ámbito urbano (doméstico, laboral, do ocio administrado); a beleza absorbente e descoñecida, sempiterna e fráxil, que refulxe (aínda ocultada, ás veces maltratada) ao carón das urbes galegas; o mundo social e natural (isto é, Galiza) con potencia para transformarse cara o ben (con xustiza e harmonía) grazas aos pensamentos filosóficos xerados na camiñada. Quizais, tamén, o lector, noutro nivel de lectura posible, pode chegar a tomar consciencia dunha cuarta existencia: o suxeito transfigurado por causa dun camiño excepcional, de excepción. Transfiguración ética e política, da vontade e do desexo de socialidade. Transmutación da vontade de soidade (ou da soidade da vontade) en degoiro de vínculo (ou vínculo posibilitado polo degoiro). Velaquí algunhas das virtudes deste libro de filosofía: principiar pensamentos novos, posibilitar accións insospeitadas, erguer pontes de comunicación cun mesmo e, sobre todo, con outros e para outros.